

CONTIDOS EXAME SETEMBRO 2º ESO. DATA: luns 4 setembro 17:10**PARTE A (70%)**

Será un exame con dúas partes a súa vez:

1. Un test
2. Preguntas teóricas e prácticas

Para preparar esta parte:

- O alumnado terá que coñecer e recoñecer auditivamente sen problemas os distintos **parámetros do son** (duración, intensidade, timbre e altura) e saber representalos graficamente en eixos de coordenadas. Terá que coñecer o que mide cada un, como se representan na partitura e as súas unidades de medida...
- **A grafía das partituras:** o alumnado ten que manexar con soltura a información das partituras, comprendendo o significado da grafía (claves, notas, figuras, matices-dinámica, indicacións de tempo...)
- O alumnado terá que saber clasificar os **intervalos musicais**, indicando as cinco características traballadas en clase..
- O alumnado terá que coñecer os conceptos de **Escala** (maiores e menores) e de **Acordes** (tríadas maiores e menores. Saber construír e identificar eses tipos de acordes e escalas.
- Coñecer os conceptos de **notas enharmónicas** e **anacrusa**
- O alumno terá que distinguir e manexar con soltura os tipos de **compases** básicos: binarios, ternarios e cuaternarios, con subdivisión binaria ou ternaria. Nota: o alumno-a dispón dunha fotocopia explicativa e de exercicios feitos na clase. Ten que manexar con soltura conceptos como unidade de pulso, unidade de compás, tipos de subdivisión, significado dos números dos compases. Ten que saber encher compases incompletos con figuras, saber colocar as barras de compás...
- **Organoloxía:** coñecer os cinco grupos de instrumentos, sabendo clasificalos por familias e subfamilias, coñecendo o que vibra en cada un dos instrumentos e como se tocan (percutidos, raspados, fretados, pulsados, axitados, con bisel, con lingüeta...). O timbre instrumental: a orquestra e a súa composición
- **A voz humana:** funcionamento, aparatos que interveñan na formación e emisión da voz, clasificación das voces. Conceptos de rexistro e tesitura.
- **A lectura de claves:** clave de fa en 4ª liña e clave de sol, ambas as dúas con liñas adicionais. www.teoria.com
- **Libro de lectura:** "El Joven Lennon" de Jordi Sierra i Fabra. No exame haberá

preguntas sobre este libro que valerán un punto.

Material para preparar a materia:

1. Para traballar todos estes contidos dispón do **libro**, nas unidades traballadas ao longo do curso. Dispón das explicacións que debe ter recollidas na súas propias **libretas** e das **fotocopias** que se lle deron ao longo do curso. E moi recomendable que visite a páxina web www.teoria.com onde pode practicar a lectura de claves (Clave de Sol e clave de Fa) e as notas, así como outros aspectos da linguaxe musical
2. Debe coñecer ben as figuras e as súas equivalencias. A clasificación dos intervalos coas cinco características que estudamos está explicada en clase e debería estar recollida na súa libreta

PARTE B (30%). Parte de interpretación instrumental (frauta)

O alumnado que teña de media ao longo do curso un 5 ou máis (Jaime López: 6.15 // Lorena Medela: 5.85) pode conservar esta nota se quere, ou presentarse para subir esta media. Sempre quedará coa mellor nota das dúas posibles, é dicir, non baixaría a nota de facelo mal en setembro.

O alumnado que non chegara ao mínimo (J.M. dos Santos, Paula Vilar, Brais Cores e Víctor Balo) na avaliación ordinaria terá que avaliarse en setembro das seguintes pezas

Terá que tocar tres delas mínimo e serán unha de cada un dos seguintes bloques, podendo escoller a que máis lle guste de cada bloque o coa que máis a gusto se sinta:

1. Bloque I (escoller unha):
 - ➔ Melodía Húngara (ten que tela na libreta),
 - ➔ Mozart Tema principal de "Ah, vous dirai-je, maman",
2. Bloque II (escoller unha)
 - ➔ Canon sobre Frere Jacques. Sinfonía nº 1 de Gustav Mahler
 - ➔ Frere Jacques en Re maior. Canción de cuna popular.
3. Bloque III (escoller unha)
 - ➔ "Barcarola". Jacques Offenbach
 - ➔ "Stabat Mater", Zoltan Kodaly.

NOTA FINAL AVALIACIÓN DE SETEMBRO

Será a media ponderada entre: Nota do exame (70 %) e Nota da parte instrumental (30 %)